

PSICOLOXÍA de 2º de Bacharelato <https://youtu.be/zmHsmvDdMc8?si=ZWw1-FeVUDsgoDTi>

É unha materia optativa que introduce a ciencia da conduta e os procesos mentais. Abarca a historia da psicoloxía, fundamentos biolóxicos (cerebro/neuronas), procesos cognitivos (percepción, memoria, aprendizaxe), intelixencia, motivación, emoción, personalidade e psicoloxía social. Temporalización 4 sesións semanais.

As unidades didácticas tratan acerca de:

Bloque 1: A Psicoloxía como Ciencia

- Que é a psicoloxía? Definición, obxecto de estudo, raíces históricas e perspectivas actuais (conductismo, psicanálises, cognitivismo).
- Métodos de investigación: Método experimental, observacional, correlacional e ético.

Bloque 2: Fundamentos Biolóxicos e Sociais

- Bases biolóxicas da conduta:
 - O sistema nervioso, cerebro, neuronas e neurotransmisores.
- Herdanza e ambiente: Influencia da xenética e a cultura no comportamento.

Bloque 3: Procesos Cognitivos Básicos e Superiores

- Percepción e atención: Sensación vs. percepción, teorías e alteracións.
- Memoria humana: Tipos (curto/longo prazo), memoria sensorial, esquecemento e trastornos.
- Aprendizaxe: Clásico, operante (Skinner) e por observación (Bandura).
- Pensamento e Intelixencia: Solución de problemas, tipos de intelixencia e medición.

Bloque 4: A Construción da Personalidade e o Social

- Motivación e Emoción: Pirámide de Maslow, teorías da motivación e regulación emocional.
- A personalidade: Definición, teorías da personalidade (Freud, humanismo) e avaliación.
- Psicoloxía Social: Comportamento grupal, actitudes, prexuízos e relacións interpersoais.
- Trastornos psicolóxicos: Introducción ás alteracións mentais e sexualidade humana.

Avaliación: Adoitase facer algunha proba escrita por trimestre e tamén traballos colaborativos e actividades como proxectos relacionados con saídas (este curso fomos ao Centro de día e o alumnado encargouse de facerlles unhas actividades), e mesmo lecturas para facer un pouco máis doada a materia.